



***Cristina Pérez: "Outro goberno?
Lugo necesita un goberno.
Hoxe ten outra cousa"***

A nosa candidata á alcaldía fai balance na fin dun mandato municipal que rematará sen resolver os grandes problemas. Sen dramatismo, pero sen esquecer a oportunidade perdida para Lugo. Fronte a un goberno esgotado e inerte, un modelo urxente: o da xente que inviste e traballa aquí, os espazos verdes, a liberdade de expresión, a integración social, a promoción do patrimonio e as sinerxias de desenvolvemento cos axentes sociais e institucionais. "Lugo é unha tarefa colectiva da que o goberno municipal se desentendeu" resume.

Cales son as prioridades de Lugonovo na fin deste mandato?

Temos que continuar co labor de oposición destes tres anos coa mesma filosofía. Sempre pensamos que a nosa función tiña dúas caras perfectamente complementarias: a primeira, fiscalizar e controlar a acción do actual executivo municipal, atendendo ao mandato que en 2015 nos outorgou a cidadanía.

A outra cara é a actitude propositiva que en todo momento nos guiou. Nisto a hemeroteca non minte: o labor de Lugonovo na oposición foi responsable. Buscando solucións.

"Pola nosa parte, foron tres anos de actitudes propositivas polo ben da cidade"

Ao longo destes tres anos acompañamos todas, ata a menor das nosas críticas ao traballo feito por este goberno municipal, con propostas para corrixir os problemas. Teríanos resultado bastante máis doado representar unha oposición menos medida, máis visceral. Pero non tería sido tan útil para a cidade.

A outra grande tarefa que temos por diante é conformar

unha lista electoral que reúna o mellor equipo. Un equipo que asegure que en 2019 haxa un goberno de cambio en directa interlocución coa cidadanía.

Cal é a situación logo destes case catro anos de mandato?

O goberno actual é "novo", pero o Concello de Lugo leva 20 anos nas mans dun mesmo partido.

"Traballamos pola integración social nun Lugo mellor"

O seu escaso proxecto vén de lonxe. Élles máis cómodo, por cuestións de pura propaganda, falar como se este goberno levase só catro anos no poder. Unha media verdade.

Por mal que soe, Lugo está como estaba hai catro anos. A situación municipal é a mesma. E incluso hai cousas que neste tempo foron indo a peor. Fixéronse crónicos problemas clásicos coma a cuestión de persoal, coas súas consecuen-

cias sobre a actividade cotiá do Concello. Agora, a seis meses das eleccións, esperamos que aínda que só sexa por vender que algo fixeron, algo fagan.

E cales foron os logros máis importantes de Lugonovo?

Conseguimos un incremento das axudas de emerxencia e nas axudas para o alugueiro.



Pérez Herraiz foi electa en Primarias, unha forma distinta de facer política

Urxe un cambio de goberno?

Tristemente, neste momento abonda con dicir que Lugo necesita ter un goberno. O que hai hoxe en día é outra cousa. Só semella que o hai para recortar liberdades a través de ordenanzas regresivas como a que detivo a veciñanza.

De feito, case duplicamos estas últimas. E logramos a excepción no pagamento dalgunhas taxas para xente que só cobra unha RISGA ou unha pensión non contributiva. Queremos unha sociedade integradora que practique unha cultura do diálogo.

Unha cidade para un país: colaboramos con En Marea

Hai problemas que afectan á cidadanía luguesa e non teñen solución municipal. Debemos traballar conxuntamente con actores políticos noutra escala. Asinamos así un protocolo de colaboración con En Marea. Un contacto que puxo unha voz crítica co pouco financiamento da cidade no Congreso español e levou ao Parlamento Galego o estado do barrio da Residencia, entre outros asuntos.



Pleno de setembro

Por uns medios públicos e por unha información veraz: Lugo súmase ás reivindicacións do persoal da CRTVG

Sete anos atrás foi aprobada no Parlamento a Lei 09/2011 dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia. O seu texto contemplaba crear un Consello de Informativos para velar pola veracidade, a independencia e a obxectividade dos contidos informativos producidos e emitidos nos medios públicos galegos, aos que se lles presupón, como tal, un espírito neutral. O executivo de Feijoo non desenvolveu este órgano aínda.

Pola contra, segue a degradar o ente, eliminando programas e, no medio do ano preelectoral, as desconexións territoriais de

radio, cuestionando o dereito da cidadanía á información.

O persoal da CRTVG denuncia esta situación dende hai xa varios meses por medio da iniciativa Venres Negro e a través de paros de quince minutos no caso da radio. Tamén dimitiron recoñecidos profesionais.

Dende Lugonovo, xunto a En Marea, sumamos a nosa cidade á defensa destas reivindicacións a través dunha moción de apoio á loita das persoas que traballan diariamente por nos informar con toda profesionalidade e con toda veracidade. A CRTVG é de todas e todos.



Cen anos do Manifesto de Lugo e da Asemblea de 1918

Malia os sucesivos gobernos sempre empeñados na eliminación política da cidade, Lugo foi un dos polos que fixeron posible o desenvolvemento político e social do noso país. En novembro de 1918 a Asemblea Nacionalista e o consecuente Manifesto de Lugo demostraron

a importancia da cidade cando dúcias de persoeiros e de asociacións de toda Galicia se deron cita para desenvolver o moderno galeguismo.

Unha páxina fundamental da historia de Lugo que o Concello vai rememorar grazas á moción de Lugonovo no pleno.



Vivenda, a asignatura pendente

Os datos son claros: existe un problema de vivenda en Lugo. O elevado número de pisos sen residentes sitúa a cidade no terceiro posto estatal no ranking de vivenda baleira: o 20%.

E mentres isto sucede, moitas persoas requiren de axudas

ao alugueiro sen poder dispor delas. De feito, na última convocatoria municipal de axudas deste tipo, que tivo lugar en xullo, descartáronse 331 peticións das 419 solicitudes. O máis grave é que a metade das negativas tiveron lugar cumprindo cos requisi-

tos definidos e debido a que o orzamento era insuficiente. Foi por iso que emendamos unha moción sobre vivenda pouco atinada, conseguindo crear unha oficina para asesorar e informar á veciñanza arredor das axudas para o alugueiro na nosa cidade.

Barrio da Residencia: as promesas á veciñanza que non se cumpriron



A veciñanza nunca abandonou a reclamación dun futuro para o barrio

As dúas patas de sempre do bipartidismo representaron durante o verán un sainete municipal a conta do futuro do barrio da Residencia. Esta vez atoparon o motivo no extravío, durante máis dun mes, do proxecto técnico para a licenza de obra no antigo Xeral de cara á súa transformación no agardado Centro de Saúde Integral.

Nunha enésima mostra de uso interesado e partidista da administración autonómica por parte duns e de puro desleixo por parte doutros, a veciñanza asistiu con certa ver

goña allea ao cruzamento desatado de acusacións entre as partes. Non foi o final da guerra da Residencia. O seguinte movemento, aínda que cronoloxicamente anterior, coñeceuse ao se facer público que, xusto antes da moción de censura que apartou o PP do Goberno do Estado, a Xunta de Galicia cancelara a retrocesión da utilidade dos inmobles das instalacións do antigo Hospital Xeral. Foi unha manobra levada a cabo con nocturnidade e aleivosía que rematou cos planos de revitalización do barrio que ambas partes

previamente acordaran e asinaran. Diante das cámaras era moi doado comprometer a palabra, pero non cumprir con ela.

Promesas incumpridas

Acabouse así de vez co proxecto da comisaría, o do centro de emprendemento aeronáutico, da oficina de emprego e o do xeriátrico. Promesas rotas, á espera do novo acordo, nun consciente incumprimento da palabra dada.

O barrio da Residencia foi refén na partida que as dúas administracións e partidos xogaron sen ter en conta a veciñanza. Pola contra, a zona foi un dos primeiros lugares da cidade polos que Lugonovo se interesou cando accedeu ás institucións por primeira vez. Foi un espazo onde sempre procurou traballar ao carón da xente. No ciclo que se abre para o barrio co anuncio dun novo proxecto e as futurbeis mobilizacións da veciñanza, lembrámoslles que sempre nos terán cóbado con cóbado.

Mantente ao día!



Nas nosas redes sociais e na nosa páxina web pódete informar de todas as nosas actividades. Tamén podes utilízalas para contactarnos sempre que o necesites:

-Facebook: www.facebok.com/lugonovo

-Twitter: www.twiter.com/lugonovo

-Telegram: procura a canle "Lugonovo".

-Whatsapp: dáte de alta enviando un whatsapp ao 604 00 28 56 (debes gardar o contacto no teu teléfono).

-Páxina web: www.lugonovo.gal